

CAMARADA

▼ Manuel García "Galano"

Chámase José Manuel Alonso Fernández, anque todo el mundo lo conoz por Camarada, qu'é el nome da súa casa de Mántaras (Tapia). Ten cincuenta anos y pertenecéu a úas fornadas de *bachilleres laborales* que saliron del instituto de Tapia aló polos anos sesenta y que siguiron el camín dos sous padres y dos sous bolos: el da terra.

Ser vecín de Mántaras xa implica tar dos primeiros en todo aquello que supoña miyora pras súas esplotaciós, tanto del gado como da labranza, y disposto y aberto sempre a cualquera innovación positiva que yes chegue. Ademáis, a xente de Mántaras sempre soupo tar xunta, seña pr'a-mañar un camín ou pra erguer un centro cultural, pra organizaren un club d'escursións ou pra fer úa iglesia nova, pra celebrar el *Día del Requesón* ou un concurso pr'aguapar as casas del lugar. Puxan todos aúa. Por eso admiro muito a estos vecíos.

Pro pra que todas esas cousas podan ferverse y salan ben, ten qu'haber, ademáis de colaboración de todos elos —que la poin—, ten qu'haber, repito, quen teña ideas y que sepa aplicalas, quen luite condo faga falta pra convencer a os demáis, poñendo empeño nos proyeutos, sin encoyerse nin esmorecer delantre d'úa dificultá pequena ou grande.

Y *Camarada*, el noso personaxe, é un home d'esta mena. Habería que dicir un home dos poucos, un home que sempre ta

disposto a emprender cualesquer actividá que supoña un ben pral sou pueblo ou pral sou concyeo. En conto se fala con él d'estas cousas vese cómo ye



brincan os oyos y cómo estoupa nel el enxame de dinamismo que leva dentro; vese cónto entusiasmo, cónto afán y cónta fe pon naquela qu'enreya, y enténdese axina qu'a un home así nun hai vento que ye torza el camín.

Hai us meses tuvemos oportunidá de comprobalo nel montaxe da IV *Feria Campomar de Tapia*, véndolo dirixir obreiros ou convencendo expositores, achanando trabas aquí y ali, sin dar mostras de cansacio nin

muito menos de desalento, sinón trasmítindo a os demáis el agayo qu'a él inda parecía sobrarre.

Y todo elo despóis d'abondas xestións feitas antías de qu'a *Feria* aparecese disposta pr'abrirse, pois as couzas nun se résolven da noite prá mañá.

Porque alixeirar os engranaxes dos organismos y das entidades que poin a súa axuda, chorándoyes a us, prigándoyes a outros y persuadindo a todos —filando dalgado pra que ningún s'anoxe—, nun é moca de candil.

Nun vou a cuntar aquí, nin siquera resumíndolo, todo lo qu'esta *Feria* y as outras dos pasados anos supuxeron pra Tapia. Nun vou a falar da búa acoyida del *Día dos Queixos*, nin da espectacularidá da *mayega*, nin da emotividade del homenaxe a os abolos del mar y del campo, nin dos *Requesóns d'honor*, nin das degustaciós dos productos del mar: todo lo cuntaron os periódicos.

Quixería nomás, d'algún xeito, fer xusticia al trabayo d'un home derriba del que pousa a organización d'estos acontecementos, capitaniándo-los con tanta voluntá, tanto esforzo y tanto acerto.

Quede, pois, constancia del reconocemento que penso ye debemos todos.

